

Bos días Familias,

Esperando que sigades en perfecto estado de saúde, achegámosvos novas propostas, sempre con carácter voluntario, para desenvolver ao longo destes primeiros días de semana.

■ Música e movemento

Nestres intres é moi importante "**lavarse ben as mans**". Animámosvos a que o fagades coa canción de rima e movemento que nos propón Tamara Chubarovsky. Aprenderemos a canción e faremos motricidade e movemento de mans. Encontrarédela no seguinte enlace no youtube:
<https://youtu.be/Q3w2tLAKItE>

■ Respiración

- Inspiración profunda, mantendo o aire durante uns segundos, e espiración lenta.
- Tratar de empañar un cristal ou espello; apagar unha vela ou pola contra soprar á vela tratando de que non se nos apague.
- Diferentes modos de inspiración – espiración (lenta, rápida, soltar o aire longo e prolongado, breve e con moitos sopridos,...)
- Actividades con palliñas: espallar un líquido soprándolle, empurrar un algodón soprándolle, mover obxectos sosténdoo cunha palliña absorvendo o aire (véxase imaxe).




■ Lóxica-matemática

- Saltamos a recta numérica

Primeiro escribiremos os números do 1 ao 6 en folios (cada número nun folio independente) e os colocaremos no chan ordeadamente nunha liña vertical. Poderemos fixalos ao chan con fiso ou cinta de embalar.

Cun dado (o co que vos adxuntamos), o neno/a tirarao e contará cantos puntos saen no dado. Unha vez contado, saltará a recta dando tantos saltos coma puntiños saíran no dado.

(En caso de non poder imprimir o dado, podemos facer 6 cuartillas cun folio e, en cada unha de elas, pintar os puntos. Teremos as cuartillas boca abaixo, o neno/a escollerá unha e contará os puntiños).



■ Experimentación

- Pintamos con tinta invisible

Ingredientes:

1. Pincel ou bastonciño de algodón.
2. Folios brancos.
3. Limón.
4. Auga.

Preparación: Expreme un limón nunha cunca e engade unha cullerada de auga. Mestura. Coa axuda do pincel ou do bastonciño, escribe o teu nome en maiúsculas sobre o folio. Deixa secar. Aproxima o folio a unha fonte de luz para poder ver o que escribiche.

■ Arte

- Elaborar un bolso/a cun tetra-brick.

Precisamos:

1. Tetra-brick.
2. Pinturas (ceras, temperas, rotuladores,...)
3. Folio.
5. Cinta adhesiva/ceło.
6. Perforador ou similar.
7. Cordel, lá, ou lazo.

Faremos un debuxo libre con ceras, rotuladores, témperas,... e, unha vez rematado, usarémolo para forrar o tetra-brick. Pegamos o debuxo con celo. Perforamos a ambos lados e introducimos un cordel, lá, lazo ou similar, a modo de bolso/a e... listo!!!



A xogar con él!!

Recordade que seguimos en contacto a través do Remind.

Todo vai ir ben!

Un abrazo grande de parte de todo o profesorado da E.E.I.Vilalaura.